

TFE 2023

MARÍA DOMÍNGUEZ

CANTO



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 28 de xuño ás 20:00 no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 28 de xuño ás 18:30 na Aula 2.00

Franz Schubert (1797 - 1828)

Schwanengesang: *Ständchen*

Hugo Wolf (1860 - 1903)

Mörike Lieder: *Verborgenheit*

Claude Debussy (1862 - 1918)

Nuit d'étoiles

Maurice Ravel (1875 - 1937)

Cinq mélodies populaires grecques

Le réveil de la mariée

Là-bas, vers l'église

Quel galant m'est comparable?

Chanson des cueilleuses de lentisques

Tout gai!

Kaija Saariaho (1952 - 2023)

Leino Songs: *Iltarukous*

María Domínguez (n. 1996)

Viaxeiro que vés de lonxe

Julio Domínguez (n. 1965)

Estou amor aquí

Wolfgang Amadeus Mozart (1756 - 1791)

Don Giovanni: *Ma se colpa io non ho... Batti, batti o bel Masetto*

Gaetano Donizetti (1797 - 1848)

La Fille du Régiment: *Il faut Partir*

Giuseppe Verdi (1813 - 1901)

Un ballo in maschera: *Saper vorreste*

Charles Gounod (1818 - 1893)

Roméo et Juliette: *Je veux vivre*

Ruperto Chapí (1851 - 1909)

El rey que rabió: *Mi tío se figura*

María Domínguez, soprano
Lorenzo de los Santos Gago, piano

A canción para voz e piano e a ópera son os xéneros vocais por excelencia e, aínda que comparten o emprego da voz para expresar emocións e contar historias, presentan diferenzas significativas en estrutura e propósito.

A canción baséase na idea de expresar emocións a través do texto poético. Ao longo dos séculos, compositores de diferentes tradicións exploraron as posibilidades deste xénero nunha gran variedade de enfoques e estilos creativos. No século XIX, o Lied alemá alcanzou o seu máximo esplendor con compositores como **Franz Schubert** e **Hugo Wolf**. *Ständchen* (Serenata), baseada nun poema de Rellstab e recopilada no ciclo póstumo de Schubert *Schwanengesang*, é unha das máis representativas deste estilo; e *Verborgenheit* (Ocultación), con texto de Mörike e música de Wolf, representa a síntese definitiva entre poesía e música explorando os recunchos máis escuros da alma humana.

Paralelamente ao Lied alemá, florece en Francia a *Mélodie* con compositores como **Claude Debussy** ou **Maurice Ravel**, entre outros. **Debussy**, tiña dezoito anos cando escribiu a súa primeira publicación, *Nuit d'étoiles*, onde captura a melancólica beleza dunha noite estrelada e confesa as emocións máis íntimas. Pola súa parte, *Cinq mélodies populaires grecques* de **Ravel**, inspiradas en cancións tradicionais gregas sobre o amor, transportan ao oínte a un mundo de cor e vitalidade a través de ritmos vivaces e harmonías exóticas. Traducidas ao francés por Calvocoressi mostran a habilidade de Ravel para fusionar música popular co seu estilo distintivo e sofisticado.

Actualmente, a canción para voz e piano evolucionou para reflectir as tendencias e estilos máis actuais. Compositores como **Kaija Saariaho** levaron o xénero a novas dimensións, explorando técnicas e sonoridades innovadoras. *Itarukous* (Oración nocturna) con texto en finés do poeta Eino Leino, reflexiona sobre a natureza cambiante da arte e a búsqueda eterna da beleza e a paz. Por outra parte, como representación do xénero na actualidade do noso país, mostrando a diversidade e versatilidade da canción, *Estou amor aquí* con texto de Xela Arias e música de **J. Domínguez**, e *Viaxeiro que vés de lonxe* con texto de C. Emilio Ferreiro e música de **M. Domínguez**, abordan temas como o paso do tempo, a despedida, a nostalxia da terra e a migración.

Por outra banda, a ópera é o xénero vocal máis relevante que mestura acción dramática e música. As tramas e posibilidades son infinitas mantendo vivo o xénero na actualidade. En "Batti, batti o bel Masetto" da ópera *Don Giovanni* de **Mozart**, Zerlina implora ao seu prometido que non a castigue pola coquetería con Don Giovanni. En "Il faut Partir" de *La Fille du Régiment* de **Donizetti**, Marie despídese de Tonio mentres se prepara para partir co rexemento. En "Saper vorreste" de *Un ballo in maschera* descubrimos a paixón e vitalidade de **Verdi**; Oscar canta con entusiasmo sobre o seu amor pola vida e o desexo de explotar cada momento ao máximo. Cunha idea similar, en "Je veux vivre" de *Roméo et Juliette* de **Gounod**, Juliette amosa o seu desexo de vivir plenamente e gozar da xuventude. Por último, como xénero de teatro lírico intimamente relacionado coa ópera, na zarzuela *El rey que rabió* de **Ruperto Chapí**, Rosa mófase das extravagancias do seu tío, nun momento de humor e lixeireza no medio das intrigas amorosas da corte. A romanza de Rosa é unha reflexión sobre a súa vida, aspiracións e sentimentos, onde mostra a súa dozura, sixelza, inocencia e conexión coas súas raíces.

María Domínguez

Nace no seo dunha familia musical co seu pai como referente. Aos dous anos entra a formar parte do coro infantil *Camerata Peque* e posteriormente comeza os estudos de **Piano** no Cmus de Ponteareas e Tui co profesor Karolis Biveinis, compaxinándoos con clases de danza, técnica vocal e cursos de verán mentres forma parte de diversas agrupacións corais ofrecendo concertos nos festivais e ciclos máis prestixiosos de España e Portugal.

No 2018 remata os estudos superiores de música na especialidade de **Composición** no CSM Vigo, á vez que descubre da man do seu pai e a directora e pedagoga estadounidense Tamara Brooks, o seu verdadeiro interese: a dirección musical. En 2021, remata os estudos de **Dirección** no CSM A Coruña, e acada unha bolsa para estudar o **máster** de Dirección Sinfónica e Vocal no Centro Superior Katarina Gurska de Madrid. Recibiu clases de dirección con Julio Domínguez, Tamara Brooks, Javier Busto, Irene Gómez-Calado, Vítor Lima, Brady Allred, Fernando Malvar, Vladimir Ponkin, Nacho de Paz, Borja Quintas, Cristóbal Soler, Elena Rosso, Eduardo García-Novelli, Michael Thomas, Hirvo Surva, Romāns Vanags e Ruben Tolmachov, entre outros.

Paralelamente, en 2020, remata os estudos profesionais de **Canto** e comeza os estudos superiores desta especialidade no CSM A Coruña coa profesora Aida Cruz. Amplía a súa formación con clases de canto e técnica vocal da man de Kevin Smith, Carmen Solís, Tatiana Sajaroba, Job Tomé, Gloria Novoa, Teresa Novoa, M^a José Ladra, Diana Somkhieva, Alexandra Tarniceru, Borja Quiza, Carmen Subrido e Aušra Stasiūnaitė, entre outros. Ademais de clases maxistras cos pianistas repertoristas Manuel Burgueras, Markus Fohr e Nijole Barauskaite.

No 2023, recibe unha bolsa de ampliación de estudos no estranxeiro, coa que realiza un programa de **posgrado** en Dirección coral no LMTA *Lietuvos muzikos ir teatro akademija* de Lituania, baixo a tutela do mestre Vytautas Miškinis. E nese mesmo ano, gaña o IV Concurso de novos Compositores/as Juan José Olives.

Actualmente, dirixe diversas agrupacións e imparte clases na escola de música Clave de Fa (Betanzos). Colabora regularmente coa asociación Amigos da Ópera de Santiago e forma parte do Coro Titular da Ópera de Oviedo.

Agradecementos

Grazas Aida e Carmen por inspirarme e brindarme o voso cariño e apoio ao longo destes anos. Grazas compañeiras e amigas por facer desta viaxe unha experiencia para o recordo. Grazas Emma e Artur por acompañarme incondicionalmente en cada paso grande e pequeno. E á miña familia, en especial aos meus pais, por alentarme cada día e nunca deixar de crer en min. Por último, grazas a todas as persoas que, dunha maneira ou outra, contribuíron ao logro desta meta. Non podería ter chegado ata aquí sen todas vós.